

ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS

SOCIAIS DE PONTEVEDRA

MEMORIA ANUAL
2019



Alfonso X O Sabio, nº 3-1º
36211 Vigo
Tlf.: 986 200 918

XUNTA DE GOBERNO



D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde
Presidente



Dª. Mercedes Veá Vázquez
Vicepresidenta



Dª. Noemí Sordo Herrero
Secretaria



D. Marcos Plaza Precedo
Tesoureiro



D. Francisco Javier Rego Martínez
Vocal exercente



Dª. Remedios Copa Sánchez
Vocal exercente



D. José Antonio Pazó Calvar
Vocal exercente



Dª. Nuria Giráldez Villar
Vocal exercente



Dª. Cristina Márquez Monteagudo
Vocal non exercente

ÍNDICE MEMORIA ACTIVIDADES **2019**

1. Comisións da Xunta de Goberno
2. Xunta Xeral
3. Reunións de traballo. Presidencia e Xunta de Goberno
4. Informe de secretaría
5. Accións formativas e informativas
6. II Xornada Laboralista
7. Xornadas Técnicas 2019
8. Actos Solemnes. 29 de novembro
9. Servizo Gratuito de Orientación Xurídico Laboral
10. Bolsa de emprego
11. Base de datos
12. Sinatura de convenios
13. Censo Colexiados ano 2019
14. Informe anual de xestión económica
15. Procedementos informativos e sancionadores
16. Queixas e reclamacións
17. Graduados Sociais na prensa

RELACIÓNS COA TGSS

D. Marcos Plaza Precedo

D^a. Nuria Giráldez Villar

RELACIÓNS CO INSS

D^a. Mercedes Veá Vázquez

D. Marcos Plaza Precedo

RELACIÓNS CO SEPE

D. José Antonio Pazó Calvar

D^a. Cristina Márquez Monteagudo

RELACIÓNS COA AEAT

D. Francisco Javier Rego Martínez

D^a. Noemí Sordo Herrero

RELACIONES COAS MUTUAS

D^a. Mercedes Veá Vázquez

D^a. Noemí Sordo Herrero

CULTURA E COMUNICACIÓN

D^a. Remedios Copa Sánchez

D^a. Cristina Márquez Monteagudo

SERVIZO DE ATENCIÓN A USUARIOS E CONSUMIDORES

D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde

D. Francisco Javier Rego Martínez

21 de marzo.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, celebrou a Xunta Xeral Anual Ordinaria, tal e como dispón o artigo 58 dos Estatutos do Colexio.

07 de novembro.- Celebrada Xunta Xeral Extraordinaria, conforme o artigo 62 da Orde do 1 de Setembro de 2008 dos Estatutos do Colexio cun unico punto da orde do día: Aprobación, se é o caso, da adhesión ós novos estatutos modificados do Consello Galego de Graduados Sociais



- **REUNIÓN DE XUNTA DE GOBERNO**

- 24 de xaneiro
- 07 de febreiro
- 05 de marzo
- 25 de abril
- 06 de xuño
- 31 de xullo
- 17 de setembro
- 31 de outubro

- **PRESIDENCIA**

PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

- 01 de febreiro
- 14 de xuño
- 20 de setembro
- 20 de decembro

FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL

- 31 de xaneiro
- 09 de xullo
- 20 de setembro
- 19 de decembro

- **COMISIÓNS DE TRABALLO**

- **11 de abril.-** Reunión da Comisión de TGSS para o seguimento do sistema RED na sala de xuntas da Dirección Provincial de Pontevedra
- **23 de abril.-** Reunión da Comisión de relacións coas MUTUAS na Sede Colexial con MUTUA INTERCOMARCAL con D^a. Esther Barros García, Directora Sucursal de Vigo e D. Germán Montaña Pinilla, Director Atención o mutualista.



- **03 de xullo.-** Reunión da Comisión de relacións co Servicio Público de Emprego Estatal na Dirección Provincial.



- **17 de xullo.-** Reunión da Comisión de TGSS para o seguimento do sistema RED na sala de xuntas da Dirección Provincial de Pontevedra
- **11 de novembro.-** Reunión da Comisión de TGSS para o seguimento do sistema RED na sala de xuntas da Dirección Provincial de Pontevedra
- **3 de decembro.-** Reunión da Comisión de relacións co Servicio Público de Emprego Estatal na Dirección Provincial.

- **REUNIÓNS DE TRABALLO, ACTOS REPRESENTACIÓN**

XANEIRO

- **FIRMA CONVENIO XUNTA - AGAXEN**
02 de xaneiro.- D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta, en representación do Colexio asistiu á firma do convenio entre os Colexios de Graduados Sociais das catro provincias galegas, o Colexio de Xestores Administrativos de Galicia, Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e a Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero (Agaxen).



- **ACTO PRESENTACIÓN “GUÍA BOAS PRÁCTICAS EN IGUALDADE”**
25 de xaneiro.- Tivo lugar na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela a presentación da “Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva.” á que asistiu como invitada e en representación do COGRASOP a Vicepresidenta D^a. Mercedes Veá Vázquez.
- **PREMIO ECONOMÍA CONSELLO GALEGO**
25 de xaneiro.- O Colexio Oficial de Graduados Sociais foi invitado na tarde do 25 de xaneiro o acto de entrega do premio Economía do Consello Gallego de Economistas, que tivo lugar en Vigo no auditorio AFundación. Na súa primeira edición o premio recae no Centro de Vigo do Grupo PSA Peugeot Citroen pola súa aportación á sociedade nos últimos 60 anos. O acto asistiron en representación do Colexio a Vicepresidenta, Mercedes Veá e a vocal, Remedios Copa.

FEBREIRO

- **CONFERENCIA ARQUITECTO THOM MAYNE**
4 de febreiro.- O Concello de Vigo convidou á conferencia do arquitecto Thom Mayne no salón de actos da UNED de Vigo. Asistiron D^a. Mercedes Veá e D^a. Ana de la Torre en representación do Colexio.
- **DÍA MUNDIAL DE LA JUSTICIA SOCIAL**
20 de febreiro.- O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e a Fundación Xustiza Social, conmemoran o Día Mundial da Xustiza Social, coa participación dos Secretarios Xerais de UGT e CC.OO, cun almorzo Foro Social á que ha asistido o Presidente do Colexio, D. Raúl E. Gómez Villaverde na sede do Consello Xeral en Madrid.



Consejo General de Graduados Sociales de España Desayuno Foro Social con motivo del Día Mundial de la Justicia Social

En el año 2007, la Asamblea General de las Naciones Unidas proclamó el 20 de febrero, Día Mundial de la Justicia Social invitando a los Estados miembros a dedicar este día a promover, a nivel nacional, actividades concretas que se ajusten a los objetivos y las metas de la Cumbre Mundial sobre Desarrollo Social.

El Consejo General de Graduados Sociales quiso conmemorar esta fecha e incorporarla en su agenda institucional para que no pase desapercibida. Por ello, organizó un desayuno con la participación de Unai Sordo, Secretario General de CC.OO y Cristina Antónanzas, Vicesecretaria de UGT.

El órgano máximo de representación de la profesión de Graduado Social quiso con este acto comenzar a institucionalizar la celebración de un día muy ligado a



nuestro colectivo, pues consideramos que la Justicia Social es un principio fundamental para la convivencia pacífica y un elemento esencial para que una economía sea solvente, fuerte y próspera.

En este desayuno se contó con la presencia de importantes autoridades de la Administración como: Isabel Herranz, Secretaria General de Fogasa, Marcos Peña, presidente del Consejo Económico y Social, Antonio Llorens, vicesecretario de Administraciones Públicas del Gobierno de Canarias. Así mismo, hemos contado con la presencia de importantes autoridades del mundo de la justicia, como Juan Pedro Quintana, Presidente del Tribunal Superior de Justicia de Madrid y Victoria Ortega, Presidenta del Consejo General de la Abogacía. Nuestro Colegio estuvo representado por nuestros vicesecretarios José Ramón Barrera y Juan Antonio Montes.

Graduados Sociales n.º 95 - 2019



- **ACTO DE PRESENTACIÓN DA TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO**
25 de febreiro.- Asiste D^a. Mercedes Veá Vázquez, Vicepresidenta do Colexio e D. Marcos Plaza Precedo, tesoureiro.

- **REUNIÓN CO SMAC- SOBRE A IMPLANTACIÓN DA PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE PAPELETAS DE CONCILIACIÓN**

27 de febreiro.- O Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, D. Raúl E. Gómez Villaverde, mantivo unha reunión coa Xefa de Servizo de Relacións Laborais D^a. Mónica Álvarez, para tratar sobre a implantación da presentación electrónica de papeletas de conciliación e dar traslado das inquietudes dos Colexiados sobre a nova presentación telemática no SMAC.

- **CELEBRACIÓN 30 ANIVERSARIO DO “CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS”**

27 de febreiro.- O Consello Galego de Relacións Laborais celebrou na Sala de Convencións da “Cidade da Cultura” en Santiago de Compostela, acto presentado por D^a. Rosanna López, directora xerente da Fundación Pública de Formación para o Traballo da Xunta de Galicia, cunha proxección do vídeo “30 anos do Consello Galego de Relacións Laborais”, coa intervención das organizacións empresariais e sindicais que integran o organismo: CEG, UGT-Galicia, CIG e SN de CCOO de Galicia, co recoñecemento e homenaxe a Dna. María Emilia Casas Baamonde e D. Carlos Domenech de Aspe e D. Javier Gárate Castro, clausurando o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, D. Francisco Conde López. Ao acto asistiu en representación do Colexio, D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta do Colexio.



MARZO

- **ACTO DE TOMA DE POSESIÓN DE LA JUNTA DE GOBIERNO DEL COLEGIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA**

25 de marzo.- Asiste D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta do Colexio e D^a. Nuria Giráldez Villar, vocal.

- **ACTO DE HOMENAXE ÓS VIGUESES ILUSTRES 2019**

27 y 28 marzo.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra asistiu invitado ós actos de Homenaxe ós Vigueses Ilustres 2019 representado pola súa Vicepresidenta, Mercedes Vea e a Vogal Remedios Copa. O Concello de Vigo outorgou os premios de Vigueses distinguidos a entidades institucionais da ensinanza, por a súa contribución á formación de veneracións de vigueses; a colectivos do taxi por a súa labor xenerosa e gratuíta con persoas da terceira idade e con afectados por eventos como o accidente do Marisqueño e, con especial acollida por parte do público, o persoal do SERGAS en Vigo, representado polos 39 médicos que renunciaron a su xefatura de servizo como proba do rexeito o deterioro da asistencia sanitaria e demanda dunha asistencia de atención primaria de calidade para a poboación viguesa, cuxos representantes na recollida da distinción recibiron unha digna e calorosa acollida por parte do público en pé.

ABRIL

- **XANTAR DE AMIZADE CO GALLO DA XUBILACIÓN DO EXCMO. SR. D. MIGUEL Á. CADENAS SOBREIRA PRESIDENTE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

5 abril.- O Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, Raúl Gómez Villaverde, asistiu acompañado de varios membros da Xunta de Goberno do Colexio a Homenaxe o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas Sobreira, celebrado en A Coruña con motivo da súa xubilación.

MAIO

- **REUNIÓN CON D^a. COVADONGA TOCA CARÚS, Secretaria Xeral de Emprego**
7 maio.- O Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, Raúl Gómez Villaverde, mantivo unha reunión na Secretaría Xeral de Emprego en Santiago de Compostela, na que se plantexaron algunhas cuestións de tramitación sobre as subvencións de autónomos .
- **REUNIÓN CONSEJO COLEGIOS ZAMORA, LEÓN Y SALAMANCA.**
23 maio.- Raúl Gómez Villaverde, Presidente do Colexio reuniuse en Salamanca.

XUÑO

- **XORNADA: “SAÍDAS PROFESIONAIS RRLL E RRHH”**
3 de xuño.- A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo celebrou esta xornada no Salón de Grados da Facultade dirixida ós estudantes e graduados en RR.LL. E RR.HH.. A xornada estruturouse como unha mesa de debate con diferentes intervencións cada unha centrada nas oportunidades laborais no ámbito específico de cada interveniente. D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vice-Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, tratou o punto “A profesión de Graduado/a Social como saída profesional”.
- **ACTO ACADÉMICO DE GRADUACIÓN VII PROMOCIÓN DO GRADO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS 2015-2019 CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**
7 de xuño.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Graduación da promoción de Grado en RR.LL. e RR. HH. da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo. Ó acto acudiu unha ampla representación da Xunta directiva do Colexio: Raúl Gómez Villaverde, Presidente do Colexio que dirixiu unhas cálidas palabras de felicitación ás novas incorporacións á profesión, Mercedes Vea Vázquez, Vice-Presidenta, D^a. Remedios Copa Sánchez, D^a. Nuria Giráldez Villar e D. Javier Rego Martínez, Vocais. Nesta ocasión, D^a. Luz Baz Abella, Coordinadora en España da ITF (International Transport workers Federation) foi a Madriña externa da Promoción.



- **O COLEXIO APERTURA A XORNADA “PRESENTACIÓN RESULTADOS BARÓMETRO DA CONCILIACIÓN”**
18 de xuño.- O Presidente do Colexio apertura a Xornada “PRESENTACIÓN BARÓMETRO DA CONCILIACIÓN” no salón de actos das instalacións do Concello de Vigo, acto no que participaron varias entidades, entre as que se atopan MÁSFAMILIA e FREMAP, que presentou as mellores prácticas en materia de conciliación da vida persoal e laboral realizadas polas súas empresas.



XULLO

- REUNIÓN CON D. IGNACIO RIAL SANTOMÉ, Xefe Territorial da Consellería de economía, emprego e industria**
8 de xullo.- D^a. Remedios Copa Sánchez, vocal da xunta de goberno, en representación do Colexio; asistiu á reunión na que se abordou o tema sobre a inclusión do Colexio na Comisión Executiva Territorial.
- INVESTIDURA D^a. CORINA PORRO MARTÍNEZ**
15 de xullo.- A Vice-Presidenta do Colexio asiste ao Acto de Posesión de D^a. Corina Porro Martínez como delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo que tivo lugar nos exteriores do edificio da Xunta.



- MEDALLAS DE ORO DE GALICIA**
24 de xullo.- D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta, asiste en representación do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra ós actos de entrega das MEDALLAS DE GALICIA, outorgadas na súa máxima alta distinción ós expresidentes do Principado de Asturias e de Castilla e León; D. Javier Fernández Fernández e D. Juan Vicente Herrera Campo respectivamente, que recentemente han deixado os seus cargos. O acto foi presidido polo Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.





- **VISITA ÁS OBRAS CIDADE DA XUSTIZA EN VIGO**

30 de xullo.- O Presidente do Colexio, D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, participou na visita organizada pola Xunta de Galicia para a comprobación da evolución das obras de adaptación do antigo Hospital Xeral como futura Cidade de Xustiza de Vigo. Na que estivo presente D^a. Corina Porro e o Director Xeral de Xustiza, D. Juan José Martín, así como representantes de tódolos operadores xurídicos da demarcación de Vigo.



- **ACTO INSTITUCIONAL DO DÍA DE GALICIA**

30 de xullo.- O Colexio foi invitado á celebración do Acto Institucional do Día de Galicia que tivo lugar nos xardíns do Pazo Quiñones de León. D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta e D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria, asistiron en representación do Colexio. O encargado de ler o bando do Día de Galicia foi D. Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo que estivo acompañado por D. Abel Caballero, Alcalde de Vigo.



- **ACTO INAUGURACION NOVO EDIFICIO XUDICIAL DE PONTEVEDRA**

03 de setembro.- O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra foi invitado polo Presidente da Xunta de Galicia e, no seu nome o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, á inauguración do novo edificio xudicial de Pontevedra. En dito acto o Colexio estivo representado por Remedios Copa Sánchez, membro da Xunta de Goberno e da Comisión de Cultura e Comunicación do Colexio.

O acto acudiron invitadas personalidades de tódolos ámbitos da Administración, autoridades da sociedade civil e representantes dos Colexios profesionais da Xustiza.

Ademais da presenza de Ana Pastor, Vicepresidente do Congreso dos Deputados e do Director Xeral de Xustiza, é de destacar a participación do Vicepresidente da Xunta de Galicia, do Fiscal Xeral do Estado, do Presidente en funcións do Tribunal Superior de xustiza, do Fiscal Superior de Xustiza, do Vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Alcalde de Pontevedra, tendo todos eles unhas palabras na inauguración do acto que se pechou coa intervención do Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo.

O edificio inaugurado ten unha superficie de 23.000m. cadrados e conta con catro Salas do social, contando cun espazo propio para uso dos Graduados Sociais.



- **ALMORZO FORO SOCIAL “VIOLENCIA DE XÉNERO”**

11 de setembro.- A Fundación Xustiza Social organizou na sede do Consello Xeral de Graduados Sociais de España en Madrid un almorzo Foro Social que contou coa relatora Angeles Carmona Vergara, presidente do Observatorio de Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, quen expuxo as importantes labores que realiza o Observatorio.

O noso Colexio estivo representado nesta ocasión por Remedios Copa Sánchez, membro da Xunta de Goberno e da comisión de cultura e comunicación do Colexio, quen nos transmitiu a grata impresión sobre a labor que ven realizando o Observatorio e a importancia da nosa colaboración para a erradicación desta lacra, tal como solicitou a relatora, porque a observación de certos indicios e a actuación no entorno laboral da vítima poden ser cruciais para a súa vida. A importancia da actuación dos Graduados Sociais servirá para detectar e evitar as situacións de acoso, violencia e agresión que a vítima poida estar sufrindo tanto no seu entorno como no laboral e por elo a relatora solicitaba que fomentemos a colaboración de empresarios e traballadores, dotándoos de información e ferramentas para esa labor.

Este Foro serviu para establecer un fluído diálogo e fomentar un intercambio de opinións sobre asuntos de actualidade e de interese profesional, insistindo moito sobre a incidencia que ten as medidas que se adoptan desde dito Observatorio nas Relacións Laborais e cómo se pretende abarcar e fomentar este asunto dentro do entorno do traballo.

Así mesmo realizouse unha breve exposición da relación directa da Violencia de Xénero co ámbito laboral por aplicación do Convenio de Estambul na ampliación do concepto de violencia de xénero, o novo Convenio 190 da OIT sobre a eliminación da Violencia e o Acoso no mundo do traballo e a Recomendación 216.

A este almorzo asistiron numerosas autoridades como a Secretaria de Estado de Igualdade, Soledad Murillo de la Vega, a Delegada de Goberno contra a Violencia de Xénero, Rebeca Palomo Díaz, o Secretario Xeral da Administración de Xustiza, Antonio Viejo, a Directora Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, Esmeralda Rasillo, o Maxistrado da Sala II do Tribunal Supremo e ex Fiscal Xeral do Estado, Julián Sánchez Melgar, a Xuíz Decana de Madrid, María Jesús del Barco Martínez, a presidenta da sala do Social do TSX de Madrid, Aurora de la Cueva, o presidente do Consello Xeral de Procuradores de España, Juan Carlos Estévez, o director da Escola Xudicial, Jorge Jiménez, e o Secretario de Goberno do TSX de Madrid, José Palazuelos.

Tamén estiveron presentes representantes do Ministerio de Defensa, a Vicesecretaria Xeral do sindicato UGT, a Axencia de Protección de Datos, deputados e senadores de diferentes grupos parlamentarios, unha asistencia que ha demostrado o gran interese e preocupación que levanta este asunto entre a sociedade e na que non faltou a presenza de Presidentes e representantes de diferentes Colexios como os Presidentes dos Colexios de Sevilla, Lugo, Almería, A Coruña, Salamanca e Aragón xunto con membros de Xuntas de Goberno dos Colexios de Madrid, Barcelona, Sevilla e Pontevedra.

Da Comisión Permanente estivo a vicepresidenta 2ª, Susana Soneira, o Secretario Xeral do Consello, Alfonso Hernández Quereda, o vogal, José Luis González e, tamén, o director de Observatorio da Profesión, Joaquín Merchán Bermejo.

Durante o almorzo proxectouse un documento moi interesante con estatísticas e asuntos relacionados con esta lacra social que afecta a España, información que foi posta a disposición do Consello por parte da relatora e que facilitamos a continuación o vínculo.



- **ACTO TOMA DE POSESIÓN DEL NUEVO PRESIDENTE DEL TSXG**

11 de setembro.- D. José María Gómez y Díaz-Castroverde tomou posesión do seu cargo como máxima autoridade do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tras a xubilación de D. Miguel Ángel Cadenas. Estivo acompañado polo presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial. No seu discurso de toma de posesión, pediu sensibilidade ante a desigualdade e a violencia de xénero. Tamén referiuse o entorno rural, “onde os silencios e o sufrimento en soidade son aínda maiores”, polo que destacou que dende o TSXG exploraran a Lei Orgánica “para xerar áreas comarcais ou territoriais que permitan unha pronta resposta”.

Neste acto, o Colexio estivo representado coa asistencia de Dª. Mercedes Veá Vázquez, Vicepresidenta.



- **REUNIÓN DE JUNTAS DE GOBIERNO DE COLEGIOS DE GALICIA**

27 de setembro.- As Xuntas de Goberno dos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia celebraron o día 27 de setembro de 2019, unha reunión na que se abordaron varios asuntos importantes para a nosa profesión e entre eles, a creación do Consello Galego de Graduados Sociais, órgano que ostentaría a representación dos actuais Colexios para tratar os asuntos de interese común ante a Administración autonómica.

A este encontro asistiron, D. Ricardo Gabaldón Gabaldón, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e D^a. Verónica Martínez Barbero, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, así como os presidentes dos tres Colexios de Graduados Sociais: D^a. Susana Soneira Lema, Presidente do Colexio de A Coruña e Ourense, D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio de Lugo e D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente do Colexio de Pontevedra e as súas respectivas Xuntas de Goberno.



OUTUBRO

- **REUNIÓN CO DIRECTOR XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA**

22 de outubro.- A Vicepresidenta, D^a. Mercedes Vea, en representación do Colexio, xunto cos Presidentes dos Colexios de A Coruña-Ourense e Lugo, reuníronse en Santiago de Compostela con D. José M^a. Barreiro Díaz, para tratar o tema das listas de contratación temporal, a situación para o caso das oposicións de Formación e Orientación Laboral (FOL) da Xunta en cuxas bases figuran como titulacións requiridas: licenciaturas de empresas, económicas, dereito e ADE sen mención algunha ó Graduado Social.

- **INAUGURACIÓN CENTRO ASISTENCIAL MUTUA UNIVERSAL EN VIGO**

23 de outubro.- A Vicepresidenta, D^a. Mercedes Vea, en representación do Colexio como invitada, asistiu ó acto de inauguración do novo centro, situado no número 26 da rúa Pizarro.

- **XVIII EDICIÓN DO ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS**

24 e 25 de outubro.- Celebrouse o XVIII Encontro Galego de RRLL: “As novas tecnoloxías no mercado laboral”, o cal se desenvolveu en Baiona, asistindo o Presidente do Colexio de Pontevedra, xunto cos presidentes dos Colexios de A Coruña-Ourense e Lugo. O encontro centrouse na influencia das novas tecnoloxías no mercado laboral, que permitirán indagar en como os avances tecnolóxicos están modificando as formas de traballo.



- **ACTO DE APERTURA ANO XUDICIAL EN GALICIA.**

25 de outubro.- A Vicepresidenta, D^a. Mercedes Vea, en representación do Colexio, asistiu ó acto de apertura do ANO XUDICIAL, na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, presidio polo recentemente nomeado novo Presidente do TSXG, D. José María Gómez y Díaz-Castroverde, que durante o desenvolvemento do acto destacou a necesidade de aproximar a Xustiza á xuventude para que se entendo o seu funcionamento, a través do programa Educar en Xustiza, promovido polo Consello Xeral do Poder Xudicial, miles alumnos de institutos galegos poderán visitar este curso escolar as sedes xudiciais e asistir a xuízos.



NOVEMBRO

- **VISITA A SALA DE GRADUADOS SOCIAIS NOS XULGADOS DE PONTEVEDRA.**

8 de novembro.- O Presidente, D. Raúl Gómez, visitou a sala de Graduados Sociais nos novos Xulgados de Pontevedra, visita asistida polo persoal de mantemento de edificios xudiciais e na que estivo presente a xefa do Servizo de Xustiza, D^a. Maria del Carmen Iglesias.

- **REUNIÓN CON DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA.**

19 de novembro.- D. Raúl Gómez, Presidente, asistiu á reunión coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, D^a. Amparo González Méndez. O encontro, tivo como obxectivo principal, seguir tratando a incorporación dos Graduados Sociais como Mediadores no Rexistro de Familia. No DOG do 28 de decembro de 2018, publicase que os Graduados Sociais que teñan a formación específica como mediadores, poden rexistrarse no Rexistro de Mediadores Cívís e de Familia; o cal entrou en vigor o pasado 01 de xaneiro de 2019.



- **REUNIÓN COA ASOCIACION SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT.**
30 de novembro.- Asiste en representación del Colegio de Pontevedra, D. Raúl E. Gómez, Presidente.

DECEMBRO

- **REUNIÓN DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL**
05 de decembro.- Representantes dos Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, reuníronse co Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, D. Pablo Casal Espido. Co fin de tratar a inclusión dos Graduados Sociais para a próxima oferta de emprego público da Xunta de Galicia, na que se prevé a creación de prazas como Orientadores Laborais.
- **ACTO CONMEMORATIVO DO XL ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA**
06 de decembro.- No Salón de Actos da Subdelgación de Goberno de Pontevedra, o Presidente, asiste o Acto conmemorativo do XL Aniversario da Constitución Española.
- **ACTO TOMA DE POSESIÓN ILMO. SR. PRESIDENTE DA SALA DO SOCIAL**
13 de decembro.- O Presidente asiste ó acto de toma de posesión da Ilma. Sra. Presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, D^a. María Dolores Rivera Frade, e do Ilmo. Sr. Presidente da Sala do Social, D. Luis Fernando de Castro Mejuto na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4	INFORME DE SECRETARÍA
✓	XESTIÓN CORRESPONDENCIA Rexistro de entrada/Rexistro de saída.
✓	XESTIÓN CORREO ELECTRÓNICO Enderezos electrónicos.
✓	ABASTECIMENTOS: Venta Calendarios Laborais. Venta Libro de Subcontratación.
✓	Información colexial.-Expedición de carnés de colexiados.
✓	Consultas de colexiados e chamadas telefónicas atendidas.
✓	Circulares Informativas “Novidades”, confección e traslado e-mail colexiados.
✓	Expedición de certificados.
✓	Entrega de documentación informativa.
✓	Preparación, informe e tramitación de expedientes de alta, baixas e modificacións colexiais.
✓	Confección de documentación, trípticos etc. para cursos.
✓	Organización e seguimento de execución acordos de xuntas de goberno, visitas institucionais e outras reunións ordinarias.
✓	Facturación de pedidos.Venta de Calendarios Laborais e Libros de subcontratación.
✓	Confección Nóminas, Seguros Sociais do persoal do Colexio.
✓	Siltra -transmisións Red do persoal do Colexio.
✓	Tributación trimestral telemática , IRPF persoal do colexio.
✓	Tributación telemática IRPF por conferencias, seminarios, cursos...
15	MEMORIA 2019

- ✓ Facturación e recibos colexiais.
- ✓ Contabilidade, fiscalidade. Contas e memoria anual- transmisión Rexistro mercantil.
- ✓ Seguimento disposicións de interese normativo.
- ✓ Elaboración Boletín Informativo diario, envío colexiados mediante e-mail.
- ✓ Web do Colexio.
- ✓ Altas, baixas colaboradores colexiados na AEAT.
- ✓ Control e seguimento da Bolsa de traballo.
- ✓ Elaboración cartelería e difusión XT anuais- correspondencia Organismos- invitacións saúdas.
- ✓ Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos e xornadas.
- ✓ Redacción da Memoria Anual. Elaboración material cursos, seminarios.
- ✓ Deseño e revisión de Calendarios de sobremesa.
- ✓ Calendarios Laborais, revisión anual para impresión.
- ✓ Control e Venta de Lotería do Nadal.
- ✓ Control do uso da Sala de Togas nos Xulgados do Social de Vigo.
- ✓ Control seguimento Convenios Colaboración Entidades.
- ✓ Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores.
- ✓ Control e peticións de tarxetas Criptográficas LexNET.
- ✓ Asistencia colexial consultas LexNET.
- ✓ LEXNET- Seguimento, Incidencias, Xestións Administrador LEXNET.

ORGANIZADAS POLO COLEXIO

- **14 DE FEBREIRO 2019**

NOVEDADES LEGISLATIVAS. REAL DECRETO LEY 26 Y 28/2018

En colaboración con Mutua ASEPEYO

D^a. María del Carmen Gil Peña

Subdirectora Provincial de Xestión Recadatoria da TGSS

D^a. Silvia Ferré Sanz

Directora de Prestacións de ASEPEYO



- **21 DE FEBREIRO 2019**

NORMATIVA EN CESIÓN DE DATOS DE SALUD

En colaboración con Mutua FRATERNIDAD - MUPRESA

D. Manuel López Sacristán

Letrado do Centro de Asesoría e Servizos Xurídicos de Fraternidad- Muprespa



- **14 DE MARZO 2019**

NOVIDADES NA DECLARACIÓN DO 2018

D^a. Lingrid Guijo Müller

Técnico de Hacienda. Xefa de servizo (IRPF) de Xestión Tributaria, AEAT Vigo



- **20 DE MARZO 2019**

XORNADA: "ACTUACIÓN DE LOS COLEGIADOS PROFESIONALES ANTE LA APLICACIÓN DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA EL ACOMPAÑAMIENTO Y ASESORAMIENTO EN LA GESTIÓN DE LOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS A LOS HUÉRFANOS DE VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO"

D^a. María Ángeles García Pérez
Presidenta da Asociación AGAXEN



- **2 DE MAIO 2019**

XORNADA: "MEDIDAS DE LUCHA CONTRA LA PRECARIEDAD LABORAL. EL REGISTRO DE LA JORNADA"

D. José María Casas de Ron

Xefe Provincial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra



- **8 e 9 DE MAIO 2019**

CURSO: "NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DEREITO SINDICAL"

D. Jaime Cabeza Pereiro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Vigo.



- **23 DE MAIO 2019**
RIESGO DURANTE EL EMBARAZO
 En colaboración con Mutua ASEPEYO
D^a. Adela Rubianes Santos
 Directora Autonómica de Prestacións



- **20 DE XUÑO 2019**
TRAMITACIÓN DE SUBVENCIONS DE EMPREGO
D^a. Covadonga Toca Carús,
 Secretaria Xeral de Emprego
D. Juan José Lirón Lago
 Subdirector Xeral de Emprego
D^a. Carmen Peña Otero
 Técnico-xefe de sección do Servizo de Emprego e Economía Social



- **12 DE DECEMBRO 2019**
TRABALLADORES DESPREZADOS. ACCIDENTES DE TRABALLO NO ESTRANXEIRO
 En colaboración con Mutua FREMAP
D^a. María Dolores de la Cruz Castro
 Responsable Nacional FREMAP ASISTENCIA



EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

- **06 DE FEBREIRO 2019**

LA SEGURIDAD SOCIAL DE LOS TRABAJADORES AUTÓNOMOS. ÚLTIMOS CAMBIOS NORMATIVOS

En colaboración con AJE Pontevedra e AEMPE

D. Juan A. Herrera de la Rubia

Director Provincial da TGSS

D^a. M^a del Carmen Gil Peña

Subdirectora Provincial de Xestión Recaudatoria



- **03 DE ABRIL 2019**

TECNOLOXÍA DA COMUNICACIÓN E NOVAS FORMAS DE TRABALLO

En colaboración co CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

D. Raúl E. Gómez Villaverde

Presidente do Colexio Oficial de Graduados Socias de Pontevedra

D^a. Verónica Martínez Barbero

Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais



- **09 DE ABRIL 2019**

OBLIGACIÓN DEL REGISTRO DE LA JORNADA LABORAL

En colaboración con AJE Pontevedra e AEMPE

D. Jorge Cebreiros Arce

Socio Director de INFOJC

O día 27 de setembro de 2019 tivo lugar a II Xornada Laboralista en Pontevedra, organizada polo Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, a Fundación Xustiza Social e o Consello Xeral de Graduados Sociais de España coa colaboración da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Foi unha xornada dirixida a Graduados Sociais e estudantes de Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos e tamén a outros colectivos entre os que destacamos avogados, responsables de Recursos Humanos, Mutuas, Sindicatos e outros traballadores dos despachos de colexiados Graduados Sociais.

A II Xornada Laboralista desenvolveuse no Salón de Grados da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo na que actuou como moderador Miguel Ángel Rodríguez González, Director do Diario de Pontevedra e un elenco de relatores de alto nivel en cada un dos temas da Xornada. Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade.



O programa deseñado tamén contou co relatorio da “Revisión da Xurisprudencia sobre os falsos autónomos” impartida por Teresa Conde-Pumpido Tourón, Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, seguida con gran interese polos asistentes xa que se trata dun tema de moita actualidade.



Outro relatorio que despertou gran interese foi a exposición realizada por Ricardo Gabaldón Gabaldón, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, xunto a Nuria Giráldez Villar, Graduado Social Exercente e Vocal da Xunta de Goberno do COGRASOP que falaram sobre os “Retos e futuros da profesión de Graduado Social e a Responsabilidade Social Corporativa” e abordaron a actuación nun amplo campo de traballo para o noso colectivo.



A mesa do acto inaugural estivo integrada por Ricardo Gabaldón Gabaldón, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e da Fundación Xustiza Social; Almudena Bergareche Gros, Decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e de Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra.



A clausura destes actos correu a cargo de Ricardo Gabaldón Gabaldón, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e da Fundación Xustiza Social que estivo acompañado na mesa por Jaime Aneiros Pereira, concelleiro do Concello de Vigo en representación do Alcalde; M^a. del Carmen Larriba García, Subdelegada do Goberno en Pontevedra; María Coutinho Villanueva, Subdirectora Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia; Verónica Martínez Barbero, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais e Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra. e de Vigo, foi o encargado de iniciar esta II Xornada Laboralista, coa impartición da conferencia sobre “A flexibilidade bilateral na distribución do tempo de traballo”.



7.11.2019

XESTIÓN DE ACCIDENTES DE TRABALLO, RÉXIME XERAL E AUTÓNOMOS

D^a. Paula Rodríguez Lorenzo

Xefa da Unidade Especializada en Seguridade e Saúde Laboral

Inspección de Traballo e Seguridade Social



14.11.2019

CLAUSULAS FRAUDULENTAS DOS CONTRATOS DE TRABALLO E NOVACIÓNS, E CONSIDERACIÓN RETRIBUTIVA DOS DIVERSOS PLUSES

D. Antolín Lamelas Caneiro

Corpo de Subinspectores de Emprego e Seguridade Social

D^a. Silvia Serodio Otero

Graduado Social Exercente



21.11.2019

ASPECTOS XURÍDICOS DA EXTINCIÓN DO CONTRATO POR INCUMPLIMENTO EMPRESARIAL

D. Germán M^a. Serrano Espinosa

Decano Xulgados de Vigo. Maxistrado- Xuíz Sala do Social n^o. 2 dos Xulgados de Vigo.



XURA OU PROMESA DOS NOVOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

Apadríña: Ilmo. Sr. D. Elise-Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de Honor del Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra

COLEXIADO/A

D^a. Brenda Senra Costas
 D. Pablo Solleiro Alonso
 D^a. Isabel Pérez Leiros
 D. José Alberto García Gallardo
 D^a. Susana Pintos Castro
 D. Lois Manoel Juncal Sampedro
 D^a. Ángela Noelia López Pérez
 D^a. Silvia Serodio Otero

PADRIÑO/MADRIÑA

D. Alfonso Fernández Portas
 D^a. Ana de la Torre Álvarez
 D. José Luis Rodal Fernández
 D^a. M^a. Victoria Padín Malvido
 D. José Ángel Seguíñ Cid
 D. José Francisco Azuaga Hermida
 D^a. Tamara Cordovés Bernárdez
 D^a. M^a Asunción Iglesias Araujo



ENTREGA DE DISTINCIÓNS EN RECOÑECIMENTO AOS 25 ANOS DE COLEXIACIÓN

D^a. M^a. Isabel Cachafeiro Anta
 D. Camilo Manuel Castro Silva
 D^a. Ángela María Martínez Castro
 D. Carlos Figueroa Covelo
 D^a. Begoña Martínez González
 D. Luis Macías Brea
 D^a. Felisa María Núñez Vidal



ENTREGA DE CODEIRAS DE BRONCE, PRATA E OURO EN RECOÑECIMENTO AOS MELLORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO.

CODEIRAS DE OURO: D. GABRIEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

CODEIRAS DE PRATA: D. PABLO PEREIRA OTERO

CODEIRAS DE BRONCE: D^a. MARTA ESTÉVEZ TEJIDO



MESA PRESIDENCIAL ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS:

(de esquerda a dereita:)

Ilustrísimo Señor Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo
D. Francisco José Torres Pérez

Vuestra Señoría Ilustrísima Señor Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra
D. Francisco Javier Menéndez Estébanez

Ilustrísimo Señor Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde

Ilustrísimo Señor Presidente de Honor do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
D. Eliseo-Adolfo Sobrino Ríos

Señora Vicepresidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
D^a. Mercedes Vea Vázquez



CEA CONFRATERNIDADE


Celebrouse no restaurante do Círculo de Empresarios de Galicia. Cunha importante participación do colectivo para concluír o ano.

Durante o ano 2019 segue en funcionamento o Servizo de Orientación Xurídico Laboral na Sede Colexial tódolos xoves en turnos de tarde.

De forma desinteresada e gratuita no eido de prestar asesoramento xuridico aos cidadáns sen recursos da Provincia de Pontevedra continúaase co servizo atendido por profesionais colexiados en exercicio por conta propia, que un día a seman fan garda nas Instalacións da sede colexial, atendendo así á cidadanía con poucos recursos “xubilados, desempregados, traballadores, autónomos por conta allea, pequenas pemes, estranxeiros, emigrantes”

Prestaron este servizo en quendas semanais un total de 15 Graduados Sociais, resultando no ano 2019 un total de 219 consultas realizadas polos cidadáns na sede colexial e entre elas 15 consultas urxentes resoltas telefónicamente.

A maioría das consultas realizadas polos cidadáns céntranse en temas laborais; cun porcentaxe dun 45% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a despidos, 25% e salarios un 16%.



A bolsa de traballo é un dos servizos integrados no Colexio de Graduados Sociais cuxa xestión é gratuita, rápida e confidencial. Os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando previamente os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os curriculums de colexiados que estén interesados para a súa cobertura. A empresa deberá enviar á Secretaría do Colexio os datos de contacto, que serán confidenciais e quedarán a disposición do Colexio con este único fin. Posteriormente, procederase ó envío dos curriculums recibidos por correo electrónico dos colexiados interesados inscritos a través da referencia asignada á oferta sendo a propia empresa a que se manterá en contacto co candidato/s que lle interese e encaixe co perfil solicitado para concertar a entrevista.

Poden formar parte da Bolsa de Empleo, tódolos aqueles colexiados que teñan interese na búsqueda ou cambio para mellora do emprego. Unha vez recibida a solicitude da vacante no Colexio, comunícase ós colexiados da oferta de emprego dispoñible para que os que estén interesados remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a búsqueda de posibles candidatos así como, axudar ós colexiados na súa procura activa de emprego.

No transcurso de 2019, recibíuse no Colexio un total de 27 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado Social nos departamentos laborais de diferentes asesorías.

O Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, continúa co acordo coa editorial Tirant lo Blanch, polo que tódolos colexiados e colexiadas de Pontevedra, e a través da zona privada da Web colexial, poden acceder sen limitación de accesos nin tempo, nin descargas, a multitude de servizos e contidos nas materias de Laboral, Convenios Colectivos, Axudas e Subvencións; Financeiro e Tributario; Contabilidade e Auditoría.

- Lexislación: Tratados e Convenios Internacionais, Comunitaria, Estatal, Autonómica, Foral e unha gran cantidade de ordenanzas locais.
- Toda a Xurisprudencia incluída en Tirant Asesores das materias laboral, Financeiro e Tributario e Mercantil
- Todos os Formularios de cada unha das materias contratadas
- Acceso a toda a Biblioteca de cada unha das materias contratadas
- A incorporación de Esquemas procesuais e substantivos dos ámbitos contratados (Procesual civil, Privado, Laboral e Financeiro)
- Acceso os GPS de Laboral e Fiscal
- Base de Datos de Consultas
- Unha completa base de datos Bibliográfica
- Servizo de Novidades. Boletín específico de novidades lexislativas, xurisprudencia, doutrinais e bibliografías.

Este acordo ten varias vantaxes, xa que conta con servizos exclusivos da editorial como unha atención o colexiado continua ó longo dos 365 días ó ano. Tamén existe un apartado denominado “se lo buscamos” que consiste en que a través del pódense obter documentos de Xurisprudencia e Lexislación aínda que non figuren na base de datos.

02 de xaneiro 2019

- **FIRMA CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA O ACOMPAÑAMENTO E ASESORAMENTO NA XESTIÓN DOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS ASÍ COMO NO APOIO SOCIO-EDUCATIVO QUE PRECISEN OS FILLOS E FILLAS ORFAS DAS VÍTIMAS MORTAIS DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA**

Firmase o convenio entre os Colexios de Graduados Sociais das catro provincias galegas, o Colexio de Xestores Administrativos de Galicia, Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e a Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xenero (AGAXEN). María Ángeles García, a súa presidenta, explicou que a Asociación será a "encargada de coordinar os diferentes colectivos profesionais" implicados.

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras das condicións que rexirán a colaboración entre os implicados para o acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos, así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.

O carácter singular do Acordo, ven determinado por razóns de interese público, e cabe indicar que na nosa Comunidade Autónoma, nos últimos 5 anos (2013-2017), 14 menores resultaron orfos de nai fruto da súa morte por causa de violencia de xénero, orfos e orfas que quedan nunha complicada situación, agravada cando o agresor homicida é ademais seu pai. É por tanto evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a acompañar e apoiar a estes orfos e orfas, así como ás persoas que asumen a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente, que leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente colaboración.

• FIRMA CONVENIO CON ASEPEYO, MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL

